



CONCELLO
DE MELIDE

Praza do Convento, 5-15800 MELIDE (A Coruña)

Tfno: 981505003 – Fax: 981506203

D. Miguel A Delgado melide@concellodemelide.gal



(Plataforma en Defensa del Sector Marítimo)

Pesquero de Galicia)

R/Juan Castro Mosquera, nº 28, 2º dereita

150005 A Coruña

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

Expediente: 0092/2017

Reclamante: PLADESEMAPESGA

RESOLUCIÓN DO CONCELLO DE MELIDE POLA QUE SE ATENDE A SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA DO REXISTRO 170110251816

Con data 17 de outubro tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Melide unha reclamación de denegación do dereito a información pública por parte de PLADESEMAPESGA relativo ao convenio asinado con LOPDAT PROTECCION DE DATOS SL con CIF B70124607 sobre web e protección de datos do concello de Melide sobre unha solicitude presuntamente feita mediante enderezo electrónico á correo@concellodemelide.gal o día 6/09/2017.

Sendo que se lle ten comunicado á Comisión de Transparencia de Galicia que as comunicación e peticións de información no Concello de Melide teñen que realizarse necesariamente mediante o Rexistro Xeral do Concello ben de maneira presencial ou de maneira telemática mediante a sede electrónica; logo de ver que o 23 de outubro o reclamante con número de entrada 306 solicita mediante o rexistro electrónico o mesmo convenio que ven de reclamar o día 6 de setembro de 2017 esta entidade conclúe o seguinte:

Ao amparo da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno esta solicitude de información pública quedou rexistrada nesta entidade por medio do rexistro de entrada 306 do Sistema de intercambio electrónico de arquivos así como coa reiteración da Comisión de Transparencia ao respecto notificado a este Concello o 17 de outubro de 2017.

Unha vez analizada a solicitude, e de acordo co artigo 26 da mencionada lei, que regula o dereito ao exercicio de acceso á información pública esta administración lle TRASLADA o seguinte:


Non existe ningún convenio coa citada entidade, tampouco ningún contrato ou relación algunha entre a entidade citada e os servizos informáticos da institución, polo que con data de hoxe se procede a requerirle á citada

empresa que deixe de publicitar o noso logo na súa páxina pois carece de autorización da insitución para o seu uso.

Agardando ter satisfeita a súa solicitude debe saber que calquera outra reclamación ao Concello para ser atendida coa máxima celeridade posible faganola chegar mediante o Rexistro Xeral do Concello ou mediante os medios telemáticos oficiais ao efecto.

Melide, 31 de outubro de 2017 .

A alcaldesa



Dalia García Couso